





Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central -		
Número expediente:	Documento:	
 AYT/XGL/30/2016	 GOB10I0HC	
<div>170L5F6W5X0J5F6M0UK5</div> 		

XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA QUINCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: <u>SR ALCALDE-PRESIDENTE:</u> JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ <u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ <u>SR. INTERVENTOR ACCTAL:</u> D/Dª MANUEL G. ANTON VILLAMIL <u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do quince de setembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:
---	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO CO CLUB DE GOLF CAMPOMAR 2015.

- Vista a proposta formulada que di así: O administrador-xerente, con data 12 de maio de 2016, ditou o informe proposto, que textualmente transcrito di:

“INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO CO CLUB DE GOLF CAMPOMAR - ANO 2015

De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, , a tal respecto fórmulase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local de data 23 de xullo de 2015, aprobou entre outros, o Convenio co Club de Golf Campomar , por un importe de 12.000,00 €. O dito convenio foi asinado o día 30 de xullo de 2015.

O club de Golf Campomar , percibiu xa o total do importe no ano 2015.

O citado club, presentou a documentación xustificativa do Convenio, polo Rexistro Xeral do Concello en data 21 de marzo de 2016, estando dentro do prazo establecido para tal fin no texto do Convenio (31-03-2016).

A aprobación da xustificación, é competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía de data 17 de xuño de 2015. (Acordo recollido na acta do Pleno do día 19-06-2015.

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- *Normativa de aplicación: Segundo o Informe Xurídico emitido coa data de 23 de xuño de 2015:*

C) INFORME-PROPOSTA

Unha vez revisada a documentación xustificativa do Convenio do ano 2015, presentada pola entidade Club de Golf Campomar e visto os informes emitidos polo Administrador-Xerente do Servizo de Deportes acerca da devandita xustificación.

O importe xustificado é de 17.030,18 €.

Visto que a documentación presentada polo Club, cumpre coa normativa aplicable e co estipulado no Texto do Convenio asinado en data 30 de xullo de 2015.

En base o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Aprobar a xustificación do Convenio co Club de Golf Campomar, polo ano 2015.*

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.”

Visto o Informe da Intervención Xeral, de data 29 de xullo de 2016, no que se fiscaliza de conformidade o informe-proposta do administrador-xerente do 12 de maio de 2016, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía, de data 2 de xullo de 2015.

PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- **Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.**

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO COA SOCIEDADE DEPORTIVA O VAL 2015 PARA A ACTIVIDADE DE FUTBOL NA ZONA RURAL.-

Vista a proposta formulada que di así: O administrador-xerente, con data 1 de xuño de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:

“INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO COA S.DEPORTIVA O VAL - 2015

De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto fórmulase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local de data 23 de xullo de 2015, aprobou entre outros, o Convenio coa Sociedade Deportiva O Val , por un importe de 40.000,00 €. (30.000,00 € para percibir pola S.D.O Val e 10.000,00 € para o pago do transporte). O dito convenio foi asinado o día 30 de xullo de 2015.

A Sociedade Deportiva O Val , percibiu xa o total do importe no ano 2015.

O citado club, presentou a documentación xustificativa do Convenio, polo Rexistro Xeral do Concello en data 22 de marzo de 2016, estando dentro do prazo establecido para tal fin no texto do Convenio (31-03-2016).

O día 27 de abril de 2016, a S.Deportiva O Val, presentou no Rexistro Xeral, a documentación que lle foi requirida o día 13 abril de 2016.

Depois da presentación da citada documentación, enviouselle á S.Deportiva O Val outro requirimento para aclaración de incidencias na documentación presentada.(04-05-2016)

A presentación desa documentación citada no párrafo anterior, foi o día 18 de maio de 2016, na que a entidade S.Deportiva O Val, alega que a Certificación da Axencia Tributaria da Xunta de Galicia, non puido ser presentada por non tela recibida.

O día 20 de maio de 2016, a S.Deportiva O Val, presentou no Rexistro Xeral do Concello o documento con número de Rexistro 8.536, co documento adxunto da Axencia Tributaria de Galicia.

A aprobación da xustificación, é competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía de data 17 de xuño de 2015. (Acordo recollido na acta do Pleno do día 19-06-2015.

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Normativa de aplicación: Segundo o Informe Xurídico emitido coa data de 23 de xuño de 2015:

C) INFORME-PROPOSTA

Unha vez revisada a documentación xustificativa do Convenio do ano 2015, presentada pola entidade Sociedade Deportiva O Val e visto os informes emitidos polo Administrador-Xerente do Servizo de Deportes acerca da devandita xustificación.

O importe aceptado para a xustificación é de **36.396,48 €**

Visto que a documentación presentada pola entidade S.Deportiva O Val , cumpre coa normativa aplicable e co estipulado no Texto do Convenio asinado en data 30 de xullo de 2015.

En base o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Aprobación da xustificación do Convenio coa S.Deportiva O Val , polo ano 2015.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.”

Visto o Informe da Intervención Xeral, de data 29 de xullo de 2016, no que se fiscaliza de conformidade o informe-proposta do administrador-xerente do 1 de xuño de 2016, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía, de data 2 de xullo de 2015

PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- **Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.**

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA CONTRATACIÓN DUN AXENTE DE EMPREGO PARA O ANO 2016.- Vista a proposta formulada que di así: A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 07-09-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1J2), que textualmente dí:

“**INFORME PROPOSTA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO**

ASUNTO: Solicitud de subvención para a contratación dun axente de emprego 2016.

ANTECEDENTES

Convocatoria de subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2016, Orde do 5 de agosto de 2016, publicada o 23 de agosto no Diario oficial de Galicia núm.158.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei reguladoras das bases de réxime local.
- Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Beses de execución do orzamento do Concello de Narón para o exercicio 2016.
- Orde do 5 de agosto de 2016, publicada no DOG núm 158 o 23 de agosto, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2016.

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, propón á Concelleira Delegada en materia de formación, eleve esta proposta á Xunta de Goberno:

1º. Aprobar a solicitude dunha subvención para a prórroga da contratación dunha axente de emprego para o exercicio 2016 á Consellería de Economía, Emprego e Industria, de acordo co seguinte cadro de financiamento:

Contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local para o ano 2016 (do 10/12/2016 ao 09/12/2017)	%	Importe
Subvención solicitada	33,76%	13.325,19
Achega do Concello de Narón	66,24%	26.146,79
Importe total do programa		39.471,98

Este gasto desglosase do seguinte xeito:

Aplicación orzamentaria	2016	2017	TOTAL
24/24100	2.019,90	36.052,08	38.071,98
03/92000/23120	100	1300	1.400
TOTAL			39.471,98

2º. Existe consignación orzamentaria para a achega do Concello correspondente ao exercicio 2016, con cargo ás aplicacións orzamentarias 24/24100 e 03/92000/23120.

A Achega do Concello para o exercicio 2017, financiarase condicionada a existencia de crédito con cargo ás aplicacións orzamentarias 24/24100 e 03/92000/23120.”

Logo de ver o informe de intervención(doc aupac ICO10I05T)de data 14-9-2016 de 2016, Tomada razón do documento(SSO10I1J2) do expediente SSO/178/2016,deixando constancia de que a Interventora titular informou desfavorablemente o informe-proposta do 24/11/2015 (PERZI241) sobre a prórroga do contrato da axente de emprego e desenvolvemento local o 26/11/2015 (INTZI0NR), informe desfavorable que reiterou ao informe-proposta do 04/12/2015 (ASIZI0EV) de suspensión do cese da devandita traballadora., a Concelleira delegada en materia de Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NA QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E AFA FERROL (ACCIÓN FAMILIAR FERROL) EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL.- Dase conta da seguinte resolución: **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

O Técnico de Xestión Sociocomunitario, xefe Substituto do Servizo Sociocomunitario Municipal,Gustavo Perea Vega, en data 30 de agosto de 2016, ditou o informe-proposta de aprobación pola Alcaldía, que textualmente dí:

“INFORME-PROPOSTA DO TÉCNICO DE XESTIÓN SOCIOCOMUNITARIO XEFE SUBSTITUTO DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL
ASUNTO: Aprobación do convenio de intervención co colectivo xitano en Narón no ano 2016 a subscribir coa entidade Acción Familiar Ferrol (AFA Ferrol).

O Técnico en Xestión Sociocomunitario que subscribe, xefe substituto do Servizo Sociocomunitario Municipal , en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta para Resolución pola Alcaldía:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón, a través do Servizo sociocomunitario municipal leva máis dunha década traballando no campo da erradicación do chabolismo e o desenvolvemento do colectivo xitano no seu municipio, contando coa colaboración de distintas Administracións Públicas e entidades sociais.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover o desenvolvemento social do colectivo xitano no seu municipio.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade dos programas de erradicación do chabolismo e desenvolvemento do colectivo xitano, o impacto positivo nas familias beneficiarias destas actuacións, e a existencia de crédito suficiente nos orzamentos municipais, o Concello de Narón ve a necesidade de continuar desenvolvendo esta acción a través dun convenio de colaboración, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello e resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución dos programas.

Acción Familiar (AFA Ferrol) é unha organización non gobernamental de ámbito nacional creada en 1978, e que ten delegación en Ferrol desde o ano 2000, e que ten coñecemento do colectivo, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver.

Para a subscrición do referenciado convenio existe crédito axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 12.23102.48000 .

Visto que a Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia pero o calendario de celebración de sesións deste órgano imposibilita a aprobación da solicitude polo mesmo, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente co fin de non causar prexuízo a terceiros.



Visto que o art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que "Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos dependentes, cando as circunstancias de índole técnica, económica, social xurídica ou territorial o fagan convinte"

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

A VISTA DO ANTERIOR, O TÉCNICO DE XESTIÓN SOCIOCOMUNITARIO, XEFE SUBSTITUTO DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, PROPÓN Á ALCALDÍA QUE RESOLVA:

1º. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e Acción Familiar Ferrol (AFA Ferrol) en materia de acción social.

2º Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e Acción Familiar Ferrol (AFA Ferrol) en materia de Acción Social, co obxecto de desenvolver a intervención co colectivo xitano en Narón no ano 2016, por importe de 30.000,00€.

3º Aprobar o gasto derivado do antedito convenio por un importe de 30.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 13.23103 48000, operación contable RC/3906/16, na que existe crédito axeitado e suficiente.

4º Dar conta desta Resolución a Xunta de Goberno Local."

Logo de ver o dito Informe,(documento SSO10I1GO) do exp SSO/78/2016 ,fiscalizado de conformidade pola Intervención Xeral(documento INT10I0UN) ,o día 31 de agosto de 2016, deixando constancia das observacións contidas neste informe, esta Alcaldía , no uso das atribucións que se lle confire a lexislación vixente,**Resolve:**

-Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6 .- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE XUSTIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE 2015 COAS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES: LEDICIA CATIVA, AFAES, ASPANAES, BBTÁ, TERCEIRA IDADE DE PEDROSO, HOSPITAL DE CARIDAD, PARKINSON E ASOCIACIÓN DE SORDOS DE FERROL...- Dase conta das seguintes resolucións:

1) RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 9 de xuño de 2016 ditou o seguinte Informe-proposta que textualmente di así:

"**Asunto:** Proposta de aprobación da xustificación do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación Leducia Cativa

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscribe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :

ANTECEDENTES.

En data 3-7-2014, apróbase en Xunta de Goberno Local o convenio de colaboración coa entidade Asociación Leducia Cativa do ano 2014 en materia de Acción Social.

En data 30-4-2015, apróbase en Xunta de Goberno Local a xustificación do ano 2014 do convenio coa Asociación Leducia Cativa, así como a prórroga para o ano 2015.

En data 27-1-2016, se presenta a xustificación da anualidade 2015, a cal se complementa con posteriores requirimentos e presentacións da documentación esixida.

En data 02-6-2016, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa favorablemente a xustificación total do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación Leducia Cativa

FUNDAMENTOS XURIDICOS

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.



- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Convenio entre o Concello de Narón e a entidade obxecto deste informe.*
- *Bases de Execución do vixente orzamento.*

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa á Concelleira Delegada en Materia de Acción Social para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta:

-Aprobar a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Acción Social coa entidade Asociación Leticia Cativa ,con C.I.F:G-32298101.”

Visto dito informe fiscalizado pola intervención xeral do Concello de Narón (doc.INT10I0L1) con data 14 de xullo de 2016.

Visto que a Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia e que a periodicidade para celebrar sesión é semanal, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente co fin de non causar perxuízo a terceiros.

Visto que o art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que “Os órganos superiores poderán avocar para sí o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos dependentes, cando as circunstancias de índole técnica, económica, social xurídica ou territorial o fagan convincente”

Por todo o exposto, esta Alcaldía, no uso das atribucións que se lle confire a lexislación vixente,

RESOLVE:

1º. AVOCAR a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aprobar a xustificación total do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Asociación Leticia Cativa ,con C.I.F:G-32298101.

2º. APROBAR a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Promoción Educativa coa Asociación Leticia Cativa ,con C.I.F:G-32298101..

Narón, 20 de xullo de 2016

A Alcaldesa Accidental

Marián Ferreiro Díaz

O Secretario

Alfonso De Prado Fernández-Canteli

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

2) RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 9 de xuño de 2016 ditou o seguinte Informe-proposta que textualmente di así:

“Asunto: Proposta de aprobación da xustificación do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación Porta Nova de Familiares y Amigos de Enfermos Psíquicos (AFAES).

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscribe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :

ANTECEDENTES.

En data 22-10-2015, apróbase en Xunta de Goberno Local o convenio de colaboración coa entidade Asociación Porta Nova de Familiares y Amigos de Enfermos Psíquicos (AFAES) do ano 2015, en materia de Promoción Social.



En data 24-2-2016, se presenta a xustificación da anualidade 2015, a cal se complementa con posteriores requirimentos e presentacións da documentación esixida.

En data 02-6-2016, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa favorablemente a xustificación total do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación Porta Nova de Familiares y Amigos de Enfermos Psíquicos (AFAES).

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa á Concelleira Delegada en Materia de Promoción Social para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta:

-Aprobar a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Promoción Social coa entidade Asociación Porta Nova de Familiares y Amigos de Enfermos Psíquicos (AFAES), con C.I.F:G-15524614."

Visto dito informe fiscalizado pola intervención xeral do Concello de Narón (doc.INT10I0M3), no que deixa constancia que se realizou unha xustificación extemporánea, a que conleva a imposición dunha sanción mediante a tramitación do correspondente procedemento sancionador.

Visto o Informe da Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, do 4 de xullo de 2016, no que se propón a non imposición de sanción polos motivos referenciados no mesmo, e que a imposición da sanción dificultaría ou impediría á entidade a consecución dos seus fins.

Visto que a Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia e que a periodicidade para celebrar sesión é semanal, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente co fin de non causar perxuízo a terceiros.

Visto que o art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que "Os órganos superiores poderán avocar para sí o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos dependentes, cando as circunstancias de índole técnica, económica, social xurídica ou territorial o fagan convinte"

Por todo o exposto, esta Alcaldía, no uso das atribucións que se lle confire a lexislación vixente,
RESOLVE:

1º. AVOCAR a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aprobar a xustificación total do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación Porta Nova de Familiares y Amigos de Enfermos Psíquicos (AFAES).

2º. APROBAR a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Promoción social coa entidade Asociación Porta Nova de Familiares y Amigos de Enfermos Psíquicos (AFAES), con cif G15524614.

3º. ACORDAR a non imposición de sanción á entidade Asociación Porta Nova de Familiares y Amigos de Enfermos Psíquicos (AFAES), con CIF. G15524614.

Narón, 4 de xullo de 2016

O Alcalde

José Manuel Blanco Suárez

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

A Secretaria Accidental Xeral

Mª Amparo Santamariña Vázquez

3) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 8 de xuño de 2016 ditou o seguinte Informe-Proposta que textualmente dí:

“Asunto: Proposta de aprobación da xustificación do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación de Pais de Persoas con Transtornos de Espectro Autista (ASPANAES)

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscribe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :

ANTECEDENTES.

En data 10-9-2015, apróbase en Xunta de Goberno Local o convenio de colaboración coa Asociación de Pais de Persoas con Transtornos de Espectro Autista (ASPANAES)

para o ano 2015

En data 29-2-2016, se presenta a xustificación da anualidade 2015, a cal se complementa con posteriores requirimentos e presentacións da documentación esixida.

En data 30-5-2016, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa favorablemente a xustificación total do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación de Pais de Persoas con Transtornos de Espectro Autista (ASPANAES)

FUNDAMENTOS XURIDICOS

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

- Convenio entre o Concello de Narón e a entidade obxecto deste informe.

- Bases de Execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa á Concelleira Delegada en Materia de Promoción Social para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta:

-Aprobar a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Promoción Social coa entidade Asociación de Pais de Persoas con Transtornos de Espectro Autista (ASPANAES), con C.I.F:G-15048937.”

A Intervención Xeral fiscaliza de conformidade o informe proposta anterior en data 27 de xullo de 2016, documento INT10I0LZ, deixando constancia de que se realizou unha xustificación extemporánea, que conleva a imposición dunha sanción mediante a tramitación do correspondente procedemento sancionador.

Visto o informe da Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, M^a Yolanda Martínez García, de 28 de xullo de 2016, no que se propón a non imposición de sanción polos motivos referenciados no mesmo, e que a imposición da sanción dificultaría ou impediría á entidade a consecución dos seus fins.

A Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia, pero o calendario de celebración de sesións deste órgano imposibilita a aprobación desta xustificación polo mesmo, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente co fin de non causar perxuízo a terceiros.

O art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que “Os órganos superiores poderán avocar para sí o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos dependentes,....”

Por todo o exposto, esta Alcaldía no uso das atribucións que lle confire a vixente lexislación, ven en RESOLVER:

1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aprobar a xustificación total do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos de Espectro Autista (ASPANAES).

2º.-Aprobar a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Promoción Social coa entidade Asociación de Pais de Persoas con Trastornos de Espectro Autista (ASPANAES).

3º.- Acordar a non imposición de sanción á entidade Asociación de Pais de Persoas con Trastornos de Espectro Autista (ASPANAES), pola xustificación extemporánea do convenio do ano 2015, en materia de promoción social.

4º.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local.

Narón, 28 de xullo de 2016.

O Alcalde

José M. Blanco Suárez

O Secretario Xeral

Alfonso De Prado Fernández-Canteli

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

4) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 31 de maio de 2016 ditou o seguinte Informe-Proposta que textualmente dí:

“**Asunto:** Proposta de aprobación da xustificación do convenio do ano 2015 coa entidade Grupo de Apoio a Lactancia Materna BBTTA

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscribe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :

ANTECEDENTES.

En data 3-7-2014, apróbase en Xunta de Goberno Local o convenio de colaboración coa entidade Grupo de Apoio a Lactancia Materna BBTTA para o ano 2014.

En data 26-6-2015, apróbase en Xunta de Goberno Local a xustificación do ano 2014 , así como a Prórroga para o ano 2015.

En data 28-1-2016, se presenta a xustificación da anualidade 2015, a cal se complementa con posteriores requirimentos e presentacións da documentación esixida.

En data 30-5-2016, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa favorablemente a xustificación total do convenio do ano 2015 con BBTTA.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

- Convenio entre o Concello de Narón e a entidade obxecto deste informe.



- Bases de Execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa á Concelleira Delegada en Materia de Acción Social para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta:

-Aprobar a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Acción Social coa entidade Grupo de Apoio a Lactancia Materna BBTB con C.I.F:G-70087168.”

A Intervención Xeral fiscaliza de conformidade o informe proposta anterior en data 27 de xullo de 2016, documento INT10I039, deixando constancia da observación que consta no apartado 5º do seu informe.

A Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia, pero o calendario de celebración de sesións deste órgano imposibilita a aprobación desta xustificación polo mesmo, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente co fin de non causar perxuízo a terceiros.

O art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que “Os órganos superiores poderán avocar para sí o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos dependentes,.....”

Por todo o exposto, esta Alcaldía no uso das atribucións que lle confire a vixente lexislación, ven en RESOLVER:

1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aprobar a xustificación total do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o Grupo de Apoio á Lactancia Maerna BBTB.

2º.- Aprobar a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Acción Social coa entidade Grupo de Apoio á Lactancia Materna BBTB.

3º.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local.

Narón, 28 de xullo de 2016.

O Alcalde

O Secretario Xeral

José M. Blanco Suárez

Alfonso De Prado Fernández-Canteli

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

5/ RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 10 de xuño de 2016 ditou o seguinte Informe-Proposta que textualmente dí:

“**Asunto:** Proposta de aprobación da xustificación do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación da Terceira Idade de Pedroso.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscribe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :

ANTECEDENTES.

En data 10-9-2015, apróbase en Xunta de Goberno Local o convenio de colaboración coa entidade Asociación da Terceira Idade de Pedroso do ano 2015, en materia de Maiores.

En data 8-2-2016, se presenta a xustificación da anualidade 2015, a cal se complementa con posteriores requirimentos e presentacións da documentación esixida.

En data 8-6-2016, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa favorablemente a xustificación total do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación da Terceira Idade de Pedroso.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Convenio entre o Concello de Narón e a entidade obxecto deste informe.
- Bases de Execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa á Concelleira Delegada en Materia de Maiores para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta:

-Aprobar a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Maiores coa entidade Asociación da Terceira Idade de Pedroso, con C.I.F:G-15413065.”

A Intervención Xeral fiscaliza de conformidade o informe proposta anterior en data 27 de xullo de 2016, documento INT10IOM0, deixando constancia da observación que consta no apartado 5º do seu informe.

A Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia, pero o calendario de celebración de sesións deste órgano imposibilita a aprobación desta xustificación polo mesmo, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente co fin de non causar perxuízo a terceiros.

O art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que “Os órganos superiores poderán avocar para sí o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos dependentes,.....”

Por todo o exposto, esta Alcaldía no uso das atribucións que lle confire a vixente lexislación, ven en RESOLVER:

1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aprobar a xustificación total do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación da Terceira Idade de Pedroso.

2º.- Aprobar a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Maiores coa entidade Asociación da Terceira Idade de Pedroso.

3º.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local.

Narón, 28 de xullo de 2016.

O Alcalde

José M. Blanco Suárez

O Secretario Xeral

Alfonso De Prado Fernández-Canteli

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6/RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 9 de xuño de 2016 ditou o seguinte Informe-Proposta que textualmente dí:

“**Asunto:** Proposta de aprobación da xustificación do convenio do ano 2015 coa entidade Fundación Santo Hospital de Caridade.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscribe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :

ANTECEDENTES.



En data 10-9-2015, apróbase en Xunta de Goberno Local o convenio de colaboración coa entidade Fundación Santo Hospital de Caridade do ano 2015 en materia de Acción Social.

En data 8-2-2016, se presenta a xustificación da anualidade 2015, a cal se complementa con posteriores requirimentos e presentacións da documentación esixida.

